

A continuación infórmase dos acordos da reunión en sesión ordinaria do Consello de Goberno, que tivo lugar o día 25 de xuño de 2025 na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo e na Sala Manolo Ramos, que poden ser do seu interese:

- * Aprobación da acta correspondente á sesión ordinaria do 26 de maio de 2025.
- * Aprobación da conta de liquidación do orzamento do exercicio 2024 da Universidade de Vigo, para o seu trámite no Consello Social.
- * Aprobación dunha transferencia de crédito dende a aplicación orzamentaria 2025 IFA1 131H 625 á aplicación 2025 IFA1 131H 230 por importe de 2.000,00€.
- * Elevación ao Consello Social da proposta de aprobación da aceptación pola Universidade de Vigo da doazón do busto do profesor D. Celso Rodríguez Fernández.
- * Aprobación da normativa para contratar profesorado asociado na Universidade de Vigo (entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no taboleiro electrónico da Universidade de Vigo).
- * Aprobación da contratación de novo profesorado visitante para o curso 2025/26 a proposta do Departamento X02-Dereito Privado.
- * Aprobación da condición de emérito ao profesor Carlos María Fernández-Jardón Fernández e da renovación como profesor emérito do profesor José Luis Legido Soto.
- * Aprobación do Regulamento de contratación do persoal investigador, técnico e de xestión da investigación da Universidade de Vigo.
- * Aprobación do Regulamento de recoñecemento e transferencia de créditos académicos nas titulacións oficiais de grao e de mestrado da Universidade de Vigo.
- * Aprobación do procedemento de admisión de estudantes con estudos universitarios oficiais de grao iniciados na Universidade de Vigo ou noutra universidade española.
- * Aprobación da concesión da medalla de ouro da Universidade de Vigo á Editorial Galaxia.
- * Aprobación da proposta do departamento de Física Aplicada da concesión do grao de “Doutor Honoris Causa” á profesora Begoña Vila Costas.

A secretaria xeral

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación da presente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.